

nas diferentes entidades e organismos públicos integrados na Administración da Xunta de Galicia.

Segunda.-Procedemento de modificación normativa.

As organizacións sindicais e empresariais máis representativas ás que se refire esta lei deberán ser oídas no procedemento de modificación normativa da regulación dos órganos de participación institucional vixentes no momento de entrada en vigor da lei.

Terceira.-Participación institucional das organizacións ou institucións representativas de intereses sectoriais.

A participación institucional recollida nesta lei levarase a cabo sen menoscabo da representación que lles corresponde a outras organizacións ou institucións representativas de intereses sectoriais presentes nos órganos de asesoramento e participación da Administración autonómica ou de dirección, participación e asesoramento das súas entidades e organismos públicos de carácter sectorial.

Cuarta.-Participación institucional no eido agrario.

A participación institucional no eido agrario e de desenvolvemento rural rexerese polo disposto na Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego.

Disposición transitoria

Única.-Réxime transitorio.

Namentres se produce esta adaptación, seguirán vixentes todas as normas que regulan a participación institucional nas entidades e nos organismos públicos de Galicia.

Disposición derogatoria

Única.-Derrogación normativa.

Quedan derogadas todas as normas de rango legal idéntico ou inferior que se opoñan ou contradigan o que se dispón nesta lei.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Desenvolvemento normativo.

A Xunta de Galicia adoptará as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento regulamentario desta lei no prazo de tres meses, que se contarán desde o día seguinte á súa entrada en vigor.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, sen prexuízo do que dispoñen as disposicións adicionais.

Santiago de Compostela, vinte e nove de decembro de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a conservación e o fomento dos recursos zooloxéticos autóctonos de Galicia, e se convocan para o ano 2009.

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 5, do 8 de xaneiro de 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 389, no anexo III, táboa de conversión en UGM (unidades de gando maior), onde di «Vacúns machos e femias ata 6 meses: 1 UGM», debe dicir «Vacúns machos e femias ata 6 meses: 0,2 UGM».

Corrección de erros.-Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais, e se convocan para o exercicio orzamentario 2009.

Advertidos erros na Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais e se convocan para o exercicio orzamentario de 2009, publicada no DOG nº 6, do 9 de xaneiro de 2009, cómpre realizar as seguintes correccións:

1. Na páxina 515, no anexo V, na última frase, onde di: «Declaro, así mesmo, coñecer a compatibilidade desta liña de axudas con outras con fondos non comunitarios ata un máximo do 45% do custo do investimento», debe dicir: «Declaro, así mesmo, coñecer a compatibilidade desta liña de axudas con outras con fondos non comunitarios ata un máximo do 50% do custo do investimento no caso de microempresas e pequenas empresas e ata un máximo do 40% no caso de medianas empresas».

2. Na páxina 517, no anexo VI, punto 9.- Declaración de non ser unha empresa en crise, ao final do punto hai que engadir: «Declaro tamén que a dita empresa non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común».